



**ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA DO CONCELLO DE AS NOGAIS (LUGO), VINCULADA AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO. “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024”. EXPTE 45/2024.**

Reunido o tribunal por medios telemáticos tras a súa convocatoria mediante resolución ditada por Alcaldía nº 2024-0182 sendo as 11:30 horas do día 3 de xuño de 2024, relativo ao proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de xestión en réxime de funcionario interino por programa vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excma. Deputación de Lugo cos Concellos, “Programa de Reforzo do emprego 2024”, conforme ao disposto no Decreto número 2024-0036 e en virtude das Bases publicadas no BOP de Lugo Núm. 105, de 7 de maio de 2024 (Páx 6, R. 1287).

**Tribunal:**

**Presidente:**

Don Severiano Daniel Vázquez Prado

**Secretaria:**


Dona Ana Belén Alba González

**Vogais:**

Dona María José Espín Fontal

Dona Sandra Díaz Álvarez

Don Julio López Veiga



Dada a presenza tanto da Presidenta como da Secretaria, así como da totalidade de vogais do presente Tribunal, considérase cumprido o requisito para a válida constitución e actuación conforme ás bases da convocatoria, comézase a tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día:

**Primeiro.- Resolver as alegacións presentadas contra a acta número un do tribunal con código seguro de verificación 37HKA3NMP4D4J69SXLCPGP6P.**

Á vista de que, no prazo outorgado aos aspirantes presentouse unha única alegación por parte da aspirante, dona María Begoña López Gómez, con DNI núm. 335\*\*\*\*4H e número de rexistro de entrada 2024-E-RE-70 e data do 30 de maio do 2024, relativa á baremación de méritos en fase de concurso, do teor literal seguinte:

*«Que dado que se publicou na sede electrónica do Concello, a acta de selección dunha praza de Técnico de Xestión en réxime de funcionario interino vinculada ao Programa de Reforzo do Emprego 2024. E vista a puntuación outorgada polo Tribunal na fase de concurso deste proceso selectivo de 8,64 puntos e non estando de acordo con dita puntuación, dado que nas bases polas que se establecían as normas para a selección e provisión da praza de Técnico de Xestión en réxime de funcionario interino, no punto 7 Fase de Concurso, Baremo de méritos segundo a experiencia, no que dí que se valora 1,20 puntos por cada mes traballado. E que nos certificados*





de vida laboral máis os contratos de traballo que aporfo dentro do prazo de presentación de solicitudes, constan según a Tesorería Xeral da Seguridade Social xa cotizados os días realmente traballados, dado que os meus contratos de traballo son a tempo parcial, polo que non é necesario dividir eses días a metade. Quero dicir con esto que nos informes de vida laboral aportados, os días en situación de alta nos Concellos de As Nogais, Becerreá e Baralla no grupo de cotización 2 que serían os de categoría profesional de natureza análoga á relación funcional de referencia, en total sumarían 433 días, que divididos entre 30, si consideramos os meses de 30 días, faría un total de 14 meses e 13 días. Polo tanto a esos 14 meses completos, desprezando os 13 días, multiplicados por 1,20 puntos por cada mes traballado, según o baremo publicado nas bases, daría unha puntuación total na fase de concurso de 16,80 puntos.

Ao Tribunal Cualificador que sexa valorada correctamente a puntuación outorgada na fase de concurso, segundo o baremo de méritos por experiencia, na categoría profesional de natureza análoga a praza convocada».

Á vista do disposto na base 7, do teor literal seguinte:

«Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 40 puntos.

Por desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo técnico de xestión, escala: administración xeral; subescala: de xestión, na administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou contratado laboral cuxa categoría profesional sexa de natureza análoga á relación funcional de referencia: 1,2 puntos por cada mes traballado».

O tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, aceptar as alegacións presentadas contra a acta número 1, obtendo os seguintes resultados:

ASPIRANTE	DNI	OPOSICIÓN		CONCURSO (40 puntos)	TOTAL
		EXAME TIPO TEST (30 puntos)	EXAME PRÁCTICO (30 puntos)		
Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	24	12	0	36
Andrea Fontal Balboa	***8107**	10	2,5	0	12,5
María Begoña López Gómez	***4280**	14	9,5	16,80	40,30
María Soledad González Neira	***3043**	25	4,5	40	69,5
Francisco Denis Torrente Pérez	***5950**	21	8	7,2	36,2

**Segundo.- Elevar a definitiva a proposta de nomeamento.**

Á vista da acta de selección número un, con código seguro de verificación 37Hska3NMP4D4J69SXLCPGP6P.





Á vista das alegacións presentadas contra a acta de selección número un, con código seguro de verificación 37HKA3NMP4D4J69SXLCPGP6P e resoltas no punto anterior.

Por canto antecede, o tribunal acorda aprobar a lista definitiva de aspirantes por orde de puntuación do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de xestión en réxime de funcionario interino por programa vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excm. Deputación de Lugo cos Concellos, “Programa de Reforzo do emprego 2024”, conforme ao disposto no Decreto número 2024-0036 e en virtude das Bases publicadas no BOP de Lugo Núm. 105, de 7 de maio de 2024 (Páx 6, R. 1287):

POSICIÓN	ASPIRANTE	DNI	TOTAL
1	María Soledad González Neira	***3043**	69,5
2	María Begoña López Gómez	***4280**	40,30
3	Francisco Denis Torrente Pérez	***5950**	36,2
4	Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	36
5	Andrea Fontal Balboa	***8107**	12,5

En consecuencia, este tribunal, por unanimidade, acorda, nomear a dona María Soledad González Neira, con Documento Nacional de Identidade \*\*\*3043\*\*, para a praza de técnico medio de xestión en réxime de funcionario interino por programa vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excm. Deputación de Lugo cos Concellos, “Programa de Reforzo do emprego 2024”.

E non habendo ningún outro asunto que tratar, levantouse a sesión ás 11:45 horas, de todo o cal por min, Secretaria, esténdese a presente acta, co visto e prace do Presidente.

Documento con firma dixital á marxe.

